



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PROVINCIAL

G-32014003

bng@depourense.es

Bernardo Varela López, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte **Moción relativa á nova cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e á necesidade do mantemento e incremento do persoal.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Complexo Hospitalario de Ourense viña contando cun servizo de cociña no que as e os traballadores do servizo preparaban a comida para dar servizo ás necesidades da instalación hospitalaria. Finalmente, despois de anos de atraso e de escurantismo da Xunta de Galiza, entrará en funcionamento unha nova instalación para o servizo de cociña no novo edificio do Complexo.

Porén, tal e como advertía durante estes anos o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, todo parece indicar que detrás da posta en marcha do novo sistema mixto existe unha clara intencionalidade de reducir postos de traballo.

Segundo puido saber o Bloque Nacionalista Galego a través das denuncias dos e das traballadoras e da Comisión de Centros do CHUO, en diversas reunións mantidas entre o órgano representativo dos traballadores e a Xerencia, esta última comunicou a intención de reducir, cando menos, en 10 o número de pinches de cociña respecto dos que actualmente traballan neste servizo. Así mesmo, conséntase unha diferenza entre os postos que presuntamente recolle a planificación orzamentaria e os que realmente ten en activo a Xunta de Galiza.

Chove sobre mollado nas problemáticas da cociña do CHUO, xa que hai que lembrar que durante estes últimos anos, tal e como denunciaban a Comisión de Centros, organizacións sociais e políticas, a situación da cociña era extrema e isto mesmo motivou a actuación da inspección laboral en abril de 2018.

Durante case dous anos a situación de deterioro da actual cociña e a distancia entre os edificios novo e antigo engadiu novas dificultades ao desenvolvemento do traballo da cociña, o cal vai en detrimento das e dos traballadores, podendo chegar a repercutir tamén nos e nas usuarias. Como reiteradamente o Bloque Nacionalista Galego denunciou no Parlamento Galego.

Consideramos esta situación de especial gravidade, pois non se pode permitir que unha nova instalación tan agardada e necesitada polos ourensáns e ourensás se convirta nunha desculpa para continuar desmantelando os servizos públicos.

Por todo o exposto dende o Grupo Provincial do BNG traladamos a seguinte proposta de

ACORDO:

1. O pleno da Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galiza a rectificar a súa intención de reducir o persoal traballador da cociña do Complexo Hospitalario de Ourense, comprometéndose a manter os actuais postos de traballo e a negociar, coas organizacións das e dos traballadores, a ampliación dos mesmos, se isto fora necesario para asumir o aumento da carga de traballo. Este Pleno solicita que se adopten as medidas necesarias para garantir a calidade coa que se debe prestar este servizo público fundamental.

Ourense, 13 de setembro de 2019

asdo.: Bernardo Varela López



SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE